

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

– «Paz convosco.»

Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

– «Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

– «Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.»

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús.

Dicíanlle entón os outros discípulos:

– «Vimos o Señor.»

Pero el contestoulles:

– «Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non creerei.»

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

– «Paz convosco.»

Despois díxolle a Tomé:

– «Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.»

Tomé respondeulle:

– «¡Meu Señor e meu Deus!»

Xesús díxolle:

– «¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!»

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.